

ACTA DA SESIÓN PLENARIA CELEBRADA POLO CONCELLO DE MUROS O 31 DE XANEIRO DE 2019

Convocatoria: Primeira

Carácter: Ordinario

Hora de comezo: 20.30 h

Hora de remate: 21.50 h

Asisten:

Alcaldesa:

Da. M^a Xosé Alfonso Torres (CxG)

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)

Da. M^a Inés Monteagudo Romero (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D. José Ángel Hermida Simil (PP)

Da. Alianza Uhía Patiño (PP)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

D. Enrique Riomayor Caamaño (PSOE)

Da. M^a del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Manuel María García Fernández (BNG)

Da. Paula Simil Mayo (BNG)

Ausente Da. Sandra Maneiro País (PSOE)

Secretaria en acumulada: Rosa Ana García Fernández

Aberto o acto pola Sra. alcaldesa, pásase ao exame dos asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión de 28 de decembro de 2018

Non existen alegacións, polo que, a acta da sesión anterior queda aprobada, coa abstención (aclarada a continuación) por ausencia na sesión anterior de D. José Ángel Hermida e os votos a favor do resto dos/as concelleiros/as presentes.

DA COMISIÓN DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS E MEDIO AMBIENTE

2. Moción do PP para reactivar o semáforo do cruce de Freixeiro

A voceira do g.m. do PP dá lectura á moción, xa ditaminada favorablemente pola Comisión de Urbanismo. Aclara a continuación que se trata dunha moción que responde a unha petición da veciñanza.

Seguidamente intervén a voceira do g.m. do PSOE: "Non temos inconveniente pero o problema é que ese semáforo non vale, ten un defecto e é preciso poñer outro tipo de semáforo ou outra cousa. Está obsoleto. Queremos facer unha addenda para que se pida informe a Estradas"

A continuación intervén o Sr. García, voceiro do BNG: "Parécenos ben esa ou outra alternativa para evitar riscos nesa zona".

A Sra. alcaldesa manifesta: "Cónstanos que xa se intentou con anterioridade e houbo problemas. Antes de nada hai que facer consulta a Estradas e a Tráfico."

Sometido o asunto a votación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, o Pleno acorda aprobar a moción:

Nos últimos meses rexistráronse varios accidentes de tráfico na estrada AC-550 na parroquia de Esteiro, na recta da Ribeira de Creo, na que ocorren con certa habitualidade sinistros de tráfico. Aínda que a velocidade está limitada, o certo é que os vehículos circulan polo xeral a bastante máis velocidade da permitida, o que produce situacions de risco para peóns e conductores.

Á altura do cruce que baixa a Freixeiro, ao colexió, existe un semáforo que leva anos inutilizado, e que se podería activar para que se puxera en roxo ao pasar o límite de velocidade permitido, así como dotalo dun sistema de pulsador para activar o cruce de peóns, o que constituiría un elemento de seguridade, sobre todo nese punto, no que se concentra a presencia de peóns. Aínda que a Policía Local regula normalmente o tráfico nos horarios de entrada e saída do colexió, o certo é que os veciños reclaman outras medidas de seguridade na estrada.

Polo exposto, solicitamos ao Pleno da Corporación de Muros que adopte os seguintes acordos:

-Que se active o semáforo situado na estrada AC-550 á altura do cruce de Freixeiro para que actúe limitando a velocidade de circulación nesa estrada ao seu paso por Esteiro e se dote dun sistema de pulsador para activar o cruce de peóns.

3. Moción do PP para denominar as rúas do parque empresarial

A voceira do g.m. do PP, a Sra. Monteagudo, procede a lectura da moción, que consta ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de urbanismo.

Seguidamente explica: "Fixemos unha proposta anterior que non prosperou. O 25 de febreiro de 2016 aprobouse un Regulamento de uso de galego neste concello que establece pautas para nomear as rúas. Falamos cos/coas propietarios/a, planos do catastro, planos de leiras, etc., para proponer estes nomes. É importante consultar coa Comisión de Toponimia."

A continuación é a quenda da voceira do PSOE, a Sra. González: "Estamos de acordo con que se nomeen as rúas do polígono, pero non estamos de acordo cos nomes propostos, porque ali había terreos con outros nomes. Poner estos nomes sería discriminar a outra xente que ten outros terreos con outros nomes."

O voceiro do BNG intervén: "A primeira vez que se falou de poner nomes ali había unha proposta de poner nomes de cronistas e daquela dixemos que non nos parecía ben porque entendíamos que os nomes de cronistas estaban mejor para outras cosas vinculadas á Cultura como biblioteca, auditorio, etc. Non nos parece acertado nomear esas rúas con nomes dos lugares. Propoñiamos outros para a zona de arriba."

A Sra. alcaldesa expón: "Trasladamos a proposta de nomear as rúas cos nomes dos cronistas que non prosperou e esta alternativa de usar topónimos parécenos ben. Consultaremos á Comisión de Toponimia."

Sometido o asunto a votación, o Pleno, cos votos a favor de CxG (3), PP (4) e BNG (2), e a abstención do g.m. PSOE (3), acorda aprobar a moción recollida a continuación.:

En varias ocasións se falou neste salón de plenos da necesidade de poner nome ás rúas do parque empresarial, sen que conste que desde o goberno local se fixera alguma proposta ou actuación ao respecto. Un dos problemas que manifestan os empresarios allí instalados é que non lle reparten o correo, ao parecer, por non ter as rúas denominación rexistrada.

Muros participa no proxecto Toponimíate!, a toponimia é a disciplina que estuda os topónimos ou nomes propios de lugar: os das aldeas e parroquias, os dos ríos e leiras, os dos penedos e fontes. Constitúe un aspecto fundamental do noso patrimonio que liga a lingua propia coa xeografía, a historia ou a arqueoloxía de noso. En Galicia todo ten nome, e cada nome ten unha historia que contar, un anaco de historia local que non figura nos libros e que aos que aquí vivimos nos gusta coñecer.

Parece pois adecuado que as rúas do parque recollenalgún xeito a denominación dos terreos que allí existían. É unha maneira de darlle continuidade a unha parte do noso patrimonio cultural e tamén de render homenaxe aos habitantes da parroquia de Serres, que eran os propietarios das fincas rías que se fixo o parque, así como manter un anaco da nosa historia. Entre as leiras hai denominacións más habituais e frecuentes e outras más singulares. Contactamos con varios veciños da zona e propietarios dos terreos nos que se construiu o parque e déronos conta de varias denominacións: Agro do Mato Bello, Agro Cobo, Novaño, Carballeira, Mariafonso, Espadánido, Herbais de abaxo, Corruñal...

De entre estas denominacións pensamos que teñen que sair os nomes das rúas do parque, dúas avenidas ou rúas principais, e tres rúas transversais. Polo exposto, solicitamos ao Pleno da Corporación de Muros que adopte os seguintes acordos:

- Denominar as rúas do parque empresarial cos nomes das leiras que ali existían, concretando a nosa proposta no seguinte:
As dúas avenidas ou rúas principais: Agro Cobo e Novaiño.
- As tres rúas que cruzan as avenidas: *Marlafonso, Espadánido, Herbais.*
- Consultar á Comisión de Toponimia da Real Academia Galega a fin de normativizar a grafía dos nomes propostos.
- Notificar dito acordo aos organismos correspondentes (INE...).

4. Moción do BNG sobre a caza do raposo

O voceiro do BNG dá lectura á moción, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, explicando a continuación: "Traemos esta moción ante a polémica de fai unhas semanas neste concello e en Carnota pola cacería de raposos. Traemos a proposta de distintas asociacións animalistas ou ecoloxistas e porque estamos de acordo co que din. Hai distintas sensibilidades, pero a maioría da sociedade está de acordo con algúna cosa. Non vai en contra da caza en si, como actividade, pero sí en contra da caza sen sentido, como neste caso no que conta o maior número de mortos sen xustificación."

Intervén a voceira do PP, a Sra. Monteagudo: "Pedides que declaremos este concello contrario á caza do raposo, pero a decisión que tome o Pleno non vai impedir que se siga celebrando a caza porque o Pleno non ten competencias nisto. Non estamos de acordo porque non é certo que non haxa estudos sobre esa especie, porque hai un Plan de ordenación cinexético no que se inclúe información sobre animais, cotas de captura, lugares de comedero, contros, etc. É un estudo profesional sobre un TECOR concreto. Os cazadores teñen un papel fundamental na contorna na que se moveñ, conservan os montes, manteñen unha actividade controlada pola administración. Realizan unha actividade rural que contribúe a fixar poboación nun rural cada vez máis despoboad. Nunha Xunta de Goberno Local de 2016 o goberno aprobou 5.000 € para un documental feito por un club deportivo para un concurso que se celebrou aquí. Eran xornalistas estudosos da caza. Vostede dixo que era unha boa proposición para este concello e era unha contorna de caza. Sería incoherente ir en contra agora."

A voceira do PSOE, a Sra. González, manifesta: "Cremos que esta moción non é competencia deste Pleno e por tanto non é vinculante."

Na súa quenda, o voceiro do BNG, o Sr. García, expón: "A oposición como sempre, trata mesturar churras con merinas. Subscribimos todo o que decides sobre a caza e dixemos que non era unha moción contra a caza, senón contra unha práctica deportiva concreta e que nos parece inmoral. Hai moitos cazadores que están en contra. Esta moción non é máis que unha declaración política, xa o sabemos, é o mesmo outras que se aprobaron aquí como cando o dos circos con animais, etc.

Volve a intervir a voceira do PP: "Non é certo que a maioría estea en contra desas actividades, de momento é unha actividade legal e lexítima, con más vantaxes que inconvenientes para o mundo rural."

A Sra. alcaldesa manifesta: "Subscribimos as palabras do BNG, unha cousa é a caza e outra un campionato de caza."

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por 5 votos de CxG (3) e BNG (2), 4 en contra do g.m. do PP e a abstención do g.m. do PSOE (3), acorda aprobar a moción recollida a continuación:

Trala recente convocatoria dunha parada do campionato galego de caza de raposo nos montes de Muros e Carnota, o debate sobre a lexitimidade do mesmo volve saltar a palestra ponco en dúbida a súa ética.

Este tipo de eventos, consistentes na matanza indiscriminada de raposos, carecen de interese cinexético algúin, rematando os espécimes abatidos, na maioría dos casos, directamente no lixo.

Por outro lado, non constan estudos científicos que avalen a necesidade de control poboacional desta especie, é dicir, un documento no que se teña estudiado a poboación de raposo (densidades, alimentación, capturas por coto, épocas de reproducción...) dentro do terreo afectado pola actuación, nin que demonstre que esta sería a mellor maneira de controlar a poboación en caso de que a densidade poboacional supuxese un problema.

Da mesma forma, resulta indispensable recalcar o indispensable papel do raposo para manter o equilibrio do ecosistema dos nosos montes, así como para evitar a propagación de distintas enfermidades infecciosas ás que esta especie mantén controladas ao ser a seu principal depredador.

Por todo isto, propónemosselle ao Pleno Municipal a adopción do seguinte:

Acordo

Declarar o concello de Muros concello libre de caza de raposo e mostrar a repulsa da poboación a este tipo de eventos.

5. Proposta de aprobación do Plan de Actuación Municipal contra os incendios forestais

A Sra. alcaldesa explica: "A elaboración deste Plan comezouse no 2016 aproveitando unha subvención do FEDER. A voceira do PP preguntaba na informativa se se falara con alguén e pregunteíño á encargada de medio ambiente. Díxome que foi falado co GES, coa Garda Civil e outros colectivos mencionados nel. Este documento foi homologado pola Xunta en novembro e require agora probación plenaria."

Sometido o asunto a votación, o Pleno por unanimidade, acorda aprobar o Plan de Actuación Municipal contra os incendios forestais, e darlle a publicación reglamentaria.

6. Proposta sobre adhesión ao Pacto de alcaldes para o clima e a enerxía

A Sra. alcaldesa explica brevemente a proposta.

Inicia o debate a voceira do PP, a Sra. Monteagudo: "Paréceme ben esta proposta. No momento de redactar o PACE debería de concretarse medidas para isto e achegas financeiras."

Intervén seguidamente a voceira do g.m. PSOE, a Sra. González: "Queremos indicar que se fala de medidas a tomar e fai falla diñeiro. Como sabemos que non hai partida para isto no orzamento prorrogado, gustaríamos que se adquirise o compromiso de poñer no orzamento que haxa unha partida para isto."

O voceiro do g.m. BNG manifesta na súa quenda: "Pouco se pode engadir, neste asunto como sociedade chegamos tarde pero hai que poñerse as pilas entre todos e todas."

A Sra. alcaldesa intervén: "Non se vai a incluír nada na proposta porque xa hai cousas incluídas e hai partidas en medio ambiente no orzamento de 2015 e intentaremos aproveitar todas as subvencións ao respecto."

Sometido o asunto a votación, o Pleno por unanimidade dos/as 12 concelleiros/as que de feito o forman, acorda:

- A adhesión do Concello de Muros ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.
- Facultar ao Alcalde de Muros a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en caiquera outras actuacións que requira a súa execución.

DA COMISIÓN DE FACENDA E PERSOAL

7. Expediente de R.E.C. 1/2019

A Sra. alcaldesa expón: "Trátase de facturas por importe de 11.5165,43 €, facturas que non se pagaron no 2018, de subministracións ou servizos que efectivamente se prestaron. Hai diñeiro e queremos pagalas."

Iníciase o debate cca intervención da voceira do g.m. PP, a Sra. Monteagudo: "Acabamos 2018 cun REC e comezamos 2019 cun REC. O Concello está en malas condicións económicas e financeiras por non ter orzamentos. Teñen dereito a cobrar pese á súa incompetencia. Non imos a obstaculizar que cobren ainda que non imos a aprobar."

É a quenda da voceira do g.m. PSOE, a Sra. González: "Imos a ser coherentes coa nosa idea desde o principio da lexislatura. Non estamos de acordo coa xestión económica do Concello, estamos tutelados por Facenda. Somos conscientes de que non hai interese en arranxar a desfeita económica deste Concello. Pedímoslle por activa e pasiva que fixeran un orzamento pero pola súa incompetencia fixemos un triste proxecto de orzamentos. Non votaremos a favor."

A continuación intervén o voceiro do BNG, o Sr. García: "Non seremos culpables de que a veciñanza non cobren pero é un despropósito que en catro anos non tiveramos un triste proxecto de orzamentos. Rogámolas que, para non hipotecar o futuro goberno, fagan orzamentos."

A Sra. alcaldesa intervén seguidamente: "Levamos tutelados polo estado desde que se aprobou o plan de axuste. En canto á elaboración do orzamento, se é posible desde o punto de vista político, elaborarase, pero non estamos seguros de que poidamos facelo, supoñemos que non vai a ser posible a aprobación do Pleno."

Sometido o asunto a votación o Pleno, con 5 votos a favor do g.m. de CxG (3) e BNG (2) e a abstención do resto dos/as concelleiros/as presentes (7), acorda:

Resolver a discrepancia formulada pola Intervención municipal con data do 23/01/2019, declarando sen efecto o carácter de suspensivo do reparo formulado e por conseguinte aprobar o expediente núm. 1/2019 de recoñecemento extrajudicial de créditos e recoñecer obrigas a favor dos seguintes interesados e polos seguintes importes: **VER ANEXO**.

Nota: A relación de facturas ás que se refire o acordo incorpóranse como anexo a esta acta.

8.- Moción do BNG sobre dotación económica á organización do Gran Premio das Carrilanas de Esteiro

O voceiro do g.m. do BNG dá lectura á moción que consta informada favorablemente pola comisión informativa de Facenda. A continuación explica: "O único que busca a moción é que o Gran Premio das Carrilanas se siga desenvolvendo ben e ademais que os catro grupos nos comprometamos co descenso das carrilanas. Desde a asociación entendemos que pretenden que se siga a manter a colaboración co Concello e se incremente a achega e cremos que isto é asumible e axeitado. A petición do PP meteuse que a achega ao Castelo de Rock tamén se incrementase. Non temos nada contra isto, pero cremos que non debe de enfrentarse o Castelo Rock coas Carrilanas, non debemos de fomentar confrontamentos entre eles."

Intervén a voceira do g.m. PP, a Sra. Monteagudo: "Pedimos o do Castelo Rock, porque entendemos que o que queren é que a corporación próxima estea comprometida cos dous grandes festivais que hai en Muros. Ambos son citas grandes que atraen moito público a Muros. Este goberno adoece de falta de transparencia: por que non se convocaron en dous anos subvencións para actividades culturais e deportivas e pese a que son quen dinamizan a actividade cultural deste concello."

A continuación é a quenda da voceira do g.m. de PSOE, a Sra. González: "Non estamos de acordo coa cantidade de 25.000 euros, senón a cantidade máxima posible. Como di o Sr. interventor, trátase dunha declaración de intencións e non pode haber un acordo económico porque non hai orzamentos. Sempre estivemos comprometidos coas Carrilanas e senón miren quen lles fixo o local. Fíxose estando gobernando o grupo socialista. Promocionámolo en FITUR e levamos ao presidente a promocionalo. Foi o PSOE, gobernando na Deputación, quen recibiu e apoou ás Carrilanas. O PSOE non fixo promesa como pasou con CxG que lles prometeu pagar certas cousas e non o fixo. Non se pode facer iso cunha

asociación sen ánimo de lucro que non ten máis ingresos. Quero dicir tamén que foi á Deputación da Coruña a promocionar o deporte e a saúde cultural deste concello. Non se convocan axudas e tampouco vimos qué trouxo a alcaldesa de Fitur, que non trouxo nada e ali asináronse os contratos da volta ciclista. Pedímoslle ao deputado que unha das etapas da volta pasase por Muros. Poñer isto aquí sen ter orzamentos é unha aventura. Non son capaces de facer un orzamento é os culpables non somos os grupos da oposición senón a súa incompetencia. Nunca trouxeron nin unha proposta de orzamentos."

A Sra. alcaldesa manifesta: "Non vou a entrar a valorar o que fixo CxG nestes anos en relación ás Carrilanas xa que é evidente a evolución que tivo, grazas sobre todo ao seu traballo, pero creo que sería difícil sen o incremento das axudas do Concello."

A continuación a Alcaldía anuncia a intervención da asociación das Carrilanas, ante o cal é advertida pola secretaria que o ROF non permite a intervención no Pleno da veciñanza, si podendo facelo ao finalizar a sesión. Pese a esta advertencia, a Alcaldía dá permiso á asociación, que o fai a continuación.

Seguidamente somete a votación o asunto do punto da Orde do Día. O Pleno por unanimidade acorda aprobar a seguinte moción:

Fai xa máis de tres décadas desde que a mocidade esteirana organizaba o primeiro Gran Prix de Carrilanas, ata polo ano 1988. Desde aquela ata hoxe, cos seus altibaios, coas súas grandes anécdotas, e as grandes dificultades polas que transitou a organización deste histórico evento, o descenso en Carrilanas de Esteiro converteuse nunha cita ineludible dentro da áxenda cultural do noso Concello, e probablemente, na cita que máis visitantes atrae no verán, xunto coas Xornadas Mariñeiras e o Castelo Rock.

Son as Carrilanas, non so para Esteiro e para Muros, se non para toda Galiza, un ben cultural de valor incalculable, tanto pola fermosura e o bo fazer de Garente na construción dos vehículos de madeira, como por todo o que o Gran Prix move arredor de seu na terceira fin de semana de Xullo. De feito, é o Gran Prix de Carrilanas de Esteiro o único evento que a día de hoxe está declarado de Interese Turístico de Galicia no noso concello.

Amais disto, a actual directiva conseguiu que a fin de semana festiva non se cinguisse exclusivamente aos descensos, organizando entre outras actividades, o xa consolidado "Festival das Carrilanas", o que leva dous anos ofrecéndonos un dos melhores carteis musicais de balseo de todo o País.

Debe ser obriga do goberno, e por extensión, deste Pleno Municipal, non só colaborar con todas as iniciativas que as distintas asociacións do noso concello poñen en marcha, se non garantir na medida das súas posibilidades que estas actividades saian adiante.

Tras reunirnos o pasado 4 de xaneiro o bng e a directiva da ADC Esteirana de Carrilanas, acordamos presentar esta moción para obter o compromiso da actual corporación municipal de que garantirá a viabilidade das futuras edicións do Gran Prix. Para isto, desde a Asociación solicitan que a aportación orzamentaria nas distintas partidas que o Concello destina ao desenvolvemento deste evento ascenda ata a cantidade dos 25.000€, o que suporía aproximadamente un incremento de menos de cinco mil euros a respecto do aportado desde o Concello no 2018.

Por todo isto, desde o bng propoñemos a corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1. O GOBIERNO LOCAL COMPROMÉTESE A DESTINAR 25.000€ DAS DISTINTAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO GRAN PRIX E DO FESTIVAL DAS CARRILANAS DE 2019.
2. O GOBIERNO LOCAL COMPROMÉTESE A DESTINAR UNHA CANTIDADE SIMILAR PARA O CASTELO ROCK 2019, IMPORTE QUE SERÁ MANTIDO COMO MÍNIMO NOS VINDEIROS ANOS.

DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS (Ditaminada en sesión de 20 de decembro de 2018)

9. Proposta aprobación Conta Xeral 2017

A alcadesa manifesta que a Conta Xeral foi informada favorablemente na Comisión de Contas, exporta ao público durante período regulamentario e que non presentándose reclamacións ao respecto, sométese agora á aprobación plenaria.

Intervén a voceira do PP, a Sra. Monteagudo: "Non hai moito que dicir, é un requisito legal e o voto a favor non supón estar de acordo coa xestión económica do goberno."

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por nove votos a favor, de CxG (3) e BNG (2) e PP(4) e a abstención do PSOE(3) acorda:

"Formada a Conta Xeral do 2017, así como os anexos e documentos xustificativos de acordo co disposto nos artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nas Regras 47 e 48 da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de contabilidade local.

Emitido informes de Intervención núm. 110/2018 de data 30/07/2018 en relación ca Liquidación do Orzamento.

Redactada a memoria pola Intervención ao amparo do disposto na Regra 41.1.f) da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro.

Ditada Resolución da Presidencia 2011.07.11 pola que se aproba a Liquidación do Orzamento do 2006.

Considerando o establecido no artigo 212 da do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como o disposto no artigo 127 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Presidencia, formula a seguinte **PROPOSTA DE DITAME**:

PRIMEIRO: Aprobar e, por conseguinte, ditaminar favorablemente a Conta xeral do exercicio 2017, así como os seus anexos e xustificantes cuxas magnitudes e resultados agregados a 31 de decembro son os seguintes:

<i>Expresión</i>	<i>Importe €</i>
Activo	21.968.925,43
Pasivo	21.968.925,43
Resultado corrente do exercicio (aforro)	836.343,16
Resultado Orzamentario axustado	156.290,09
Remanente de Tesourería Total	338.424,33
Remanente de Tesourería para Gastos con Financiamento Afectado	44.460,65
Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	152.346,96
Aforro bruto	604.623,27
Aforro neto	381.690,18

SEGUNDO: De conformidade co previsto no artigo 212.3. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, proceder a exposición pública do expediente mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia por prazo de quince días, durante os cales e oito mais os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións.

TERCEIRO: Dar traslado do presente acto de trámite ao "Tribunal de Cuentas" e ao Consello de Contas de Galicia."

II MOCIONES URXENTES

De acordo co establecido no ROF a Sra. alcadesa pregunta se algún grupo quere introducir por urxencia, algún asunto. Non se presenta ningún.

III PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBIERNO

10. Dar conta para coñecemento das Resoliucións da Alcaldía: da Núm. 1104 de 02/11/2018 a 1369 de 28/12/2018.

O Pleno queda informado.

11. Dar contra de acordos contrarios a reparos.

Dase conta dos Decretos do 2018, números: 1212, 1248, 1252, 1292, 1298, 1312, 1323, 1337, 1340, 1341, 1354, 1362, 1369.

O Pleno queda informado.

12. Rogos, preguntas e mociones (Art 46.2 Lei 7/85)

Dna. Inés Monteagudo, pregunta:

"-Vimos varios decretos referidos a sentenzas de traballadores/as, pódemos dicir como está este tema? Cantas demandas teñen de traballadores/as?

-Pódemos indicar a que se refire a factura de Green Tal SA por importe de 3.509,00 euros de información medioambiental?

-Pódemos dicir que pasou coa factura dos *andamios* do cine París?

-No decreto 1104 de 2/11 apróbase un expediente de xeración de cretos para o servizo de axuda no fogar por importe de 17.945 euros. Non obstante o compromiso de aportación foi notificado pola Xunta de Galicia o 03/09, indicando que tiñan concedidas desde o 1 de setembro un total de 621 horas mensuais adicionais, por importe de 8.972,50 euros mensuais, iso sería un total, ata o mes de decembro, de 35.890 euros. Perdeuse a metade dese diñeiro Sra. Alfonso? En axuda ao fogar?

-Non entendemos moi ben o diferente tratamento que se está dando aos procedementos monitorios presentados no Xulgado, uns tráense ao Pleno e outros non. Pódemos explicar a que se debe o cambio de criterio do seu goberno, Sra. Alfonso?

-Que criterio seguen para cubrir as vacantes? Vemos nuns casos convocatorias públicas e noutras decretos. Cal é a razón desa disparidade de criterios?

-No cámping da Vouga están facendo obras, pódemos dicir en que consisten?

-Saben algo das luces do paseo de San Francisco? Preguntamos xa en moitas ocasións e ainda non sabemos que pensan fazer con elas.

-Que pasa co local do bar San Francisco? Dixéronnos que xa estaba todo listo para sacar a concesión, pero áinda non vimos nada ao respecto.

-Teñen intención de presentar algún proxecto aos fondos do Galp? Van aproveitar esos fondos? Pedímoslle en moitas ocasións que aproveiten esos fondos."

A Sra. alcaldesa contéstalle que lle responderá no próximo Pleno.

Na súa quenda, a Sra. González, formula as seguintes preguntas:

"-Sabe cantos reparos trae a este Pleno e cantos leva na lexislatura?

-Canto debe o cámping?

-Como van os trámites da reclamación a Espina e Delfín?"

A Sra. alcaldesa respónnelle que contestará no vindeiro Pleno.

O Sr. García, voceiro do BNG, formula as seguintes preguntas e rogos:

"Achégase o final da lexislatura señora alcaldesa, e algúns dos asuntos máis urxentes e imprescindibles para salvar a xestión destes catro anos, seguen sen aparente resolución.

-Como denunciamos en repetidas ocasións, as brigadas forestais que se contratan eventualmente todos os veráns, non cobraron en ningunha ocasión o complemento de nocturnidade. Entendemos que desde o departamento de persoal, estades xa traballando para corrixir este erro. Pode garantir o goberno municipal que as brigadas forestais cobrarán todos os complementos aos que teñen dereito nas próximas contratacións?

-Queremos saber en que estado se atopa a RPT, sabemos que hai unha empresa que leva máis dun ano traballando na súa redacción. A oposición, polo menos o BNG, segue sen ter acceso a ningún borrador. Quedan semanas para que se disolva esta corporación señora alcaldesa. Semanas.

-Queremos saber en que estado se atopa a licitación das obras do POS, sobre todo, do Cine París e das obras do Chalón. Estamos metidos de cheo no inverno, e cos temporais o cine empeorará aínda máis, se é posible, a súa estrutura e o Curro da Praza corre serio risco de que volva a ser unha piscina urbana.

-A respecto do Cine, cónstanos que dentro do mesmo existen aínda, se non se retiraron xa, máquinas antigas como proxectores e algúns outros utensilios, que de seguro han de ter un gran valor histórico. Queremos saber se os pensades rescatar antes de que se derrube completamente o Cine e se perdan estes obxectos tan interesantes para sempre.

-Vai rematar a lexislatura e os agravios sobre o noso patrimonio natural na Illa da Creba non tiveron ningunha contestación por parte deste goberno, a pesar de que desde o BNG o denunciamos reiteradamente. Vai facer algún movemento o goberno municipal para denunciar as obras ilegais na okupada illa da Creba?

-Pasou outro mes e as luces do XLV seguen sen colocar. Xa sabemos que as luces xa as tedes, só falta que as coloquedes.

-Co fin de cumplir un Record Guinness, queremos preguntar se tedes solución para amañar os problemas de sinal de TV e no acceso de banda ancha nas parroquias de Abelleira e Torea.

-Pasou outro mes, e o Bar San Francisco segue sen pregos, nin ten pinta de que os vaia haber pronto. Eu, se tiverá pensado abrir un negocio este verán en Louro, estaría xa preparándome. Imos tarde de novo alcaldesa. Hai algo avanzado?

-Queremos saber, e preocúpanos moito esta resposta en concreto, se tedes pensado presentar uns orzamentos actualizados para o seu debate e, confiámos aprobación, co fin de non deixar hipotecado ao seguinte goberno. Sufrimos estes catro anos, cun alto custo para toda a veciñanza, a inexistencia duns

orzamentos acordes á situación actual do Concello. Rogamos encarecidamente que espabiledes e o poidamos aprobar nestas semanas que quedan.

No apartado dos rogos, visto que os partidos da oposición reclamaron estes días o arranxo dos campos de fútbol, basicamente o de Miraflores, queremos sumarnos a súa reclamación e engadir que se amañen tamén urxentemente os parques públicos.

Nomeadamente, rogamos que amañen a beiraría da parte superior do Furón, que reclamamos insistenteamente durante toda a legislatura, e que se arañañe o tantas veces denunciado ferro do columpio nese parque.

Rogamos tamén, non que se amañe xa, se non simplemente que se pasen pola área recreativa de Ventín e lle boten unha oliada ao seu estado. Se non se vos cae a cara da vergoña, que andades escasos dela.

E por último, rogámoslle unha vez máis aos partidos de esquerda desta vila, como levamos facendo nestes últimos meses, que reflexionen sobre as súas posicións estratéxicas e o papel que van desempeñar a partir da próxima cita electoral. Despois do retroceso social que estamos a sufrir no estado español, co avance desbocado da dereita máis rancia e fascista, que sempre estivo aí a pesar de que o PP, incluso neste mesmo salón de Plenos, o negase por activa e por pasiva, as forzas de esquerda temos a obriga de entendernos e traballar conxuntamente para pecharlle as portas do poder a quen só sabe exercelo con man de ferro desde o "orden y mando". Existe a posibilidade cada vez más certeira de que o PP non sexa única alternativa que o nacionalismo español presente nas eleccións municipais no noso Concello, e diante do avance da dereita, toda a esquerda debe comportarse con altura de miras. Estamos condenadas a entendernos, e o BNG estará á altura.

A Sra. alcaldesa contéstalle que responderá no próximo Pleno.

Non existindo máis asuntos dos que tratar, levántase a sesión.

Do tratado nela, dou fe.

A secretaria

**Concello de
Muros**

Número Relación : F/2018/95

Hoja 1

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS
RELACIÓN DE FACTURAS PENDIENTES REC 01/2019

Nºm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Nºm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APLICACIÓN -			- DESCUENTOS -			Importe Euros
				Año	Org. Prog. Econ.	R.G.A.D	Importes Deductible	Conceptos Descuento	Importe Fac. Euros	
F/2018/1573 16/07/2018	B70351341 EZE MOSQUERA EVENTS, S.L. Patrocinio/Publicidad Granfondo Ezaro	2018 -52 16/07/2018	Registrada	2018	340	227€9	3.025,00			3.025,00
F/2018/1733 10/08/2018	B94119104 GLOBAL SETUP, S.L. EQUIPOS DE SONIDO, ILUMINACION Y ESCENARIO PARA CASTELOROCK 2018 LOS DIAS 3 Y 4 DE AGOSTO	18 257 04/08/2018	Registrada	2018	338	228€9	12.100,00			12.100,00
F/2018/1794 28/08/2018	G70507850 NORTH MARINAS Acuerdo colaboración travesía 2018.	037 01/05/2018	Registrada	2018	432	226€15	3.500,00			3.500,00
F/2018/1880 14/09/2018	B70351341 EZE MOSQUERA EVENTS, S.L. SERVICIOS PRESTADOS NA CAREIRA POPULAR DA PRISCINA DE MUROS 9/9/2018 / Cronometraje electrónico con Hu-Tag (retonnable), P	2018 -64 14/09/2018	Registrada	2018	341	227€9	1.639,95			1.639,95
F/2018/1923 24/09/2018	G15103500 FEDERACION GALLEGA DE ATLETISMO GASTOS FEDERACION DA VII CARRERA SOLIDARIA DA PISCINA MUNICIPIÑ DE MUROS	SAN-612 13/09/2018	Registrada	2018	341	226€9	604,00			604,00
F/2018/1938 27/09/2018	A08472276 WURTH ESPAÑA, S.A. MAQUINA ARENADORA NEUMATICA 10KG	1363913 26/09/2018	Registrada	2018	450	213€0	1.810,16			1.810,16
F/2018/1937 27/09/2018	A08472276 WURTH ESPAÑA, S.A. ARENA DE POLVO DE VIDRIO 20KG	1355391 25/09/2018	Registrada	2018	450	221€14	500,26			500,26
F/2018/1963 02/10/2018	A82018474 TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo de telefonía, 881902776.	TA60F010560 01/10/2018	Registrada	2018	342	222€0	382,36			382,36



Concello de
Muros

Número Relación : F/2018/95

Hoja
2

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS

RELACIÓN DE FACTURAS PENJENIES REG 01/2019

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explícitivo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APLICACIÓN -			I.V.A. Deductible	- DESCUENTOS -			Importe Fec. Euros
				Año	Orig. Prog. Econ.	R.C,A,D		Importes Euros	Deductible	Conceptos Descuento	
				Proyecto				Euros	Euros	Euros	
F/2018/1990	B15124308 MADERAS Y MOLDURAS CASAIS, S.L.	1 069643	Registrada	2018	342	21200		460,77			460,77
08/10/2018	Subm de material para reparación na piscina municipal.	20/09/2018									
F/2018/1991	B15124308 MADERAS Y MOLDURAS CASAIS, S.L.	1 069608	Registrada	2018	320	21200		152,00			364,98
08/10/2018	Subm de material para reparaciones ordinarias.	20/09/2018						212,98			
F/2018/2014	B70453733 COMUNICACION GRAFICA, S.L.	000132	Registrada	2018	341	22114		127,05			127,05
11/10/2018	Subm de material para celebración de "Mar de Muros Triatlon"	02/08/2018									
F/2018/2024	A08472278 WURTH ESPAÑA, S.A.	1466995	Registrada	2018	165	21000		277,82			277,82
17/10/2018	LAMPARA LED FAROLA 36W-E40-6000K	16/10/2018									
F/2018/2026	3328647-1C CAAMAÑO PARIS EUGENIO	20180304	Registrada	2018	450	21300		325,01			352,00
				2018	450	22104		26,99			
17/10/2018	ALTERNADOR GENERADOR AYERBE 3,5KVA/ GUANTE FOAM NYL+LICRA+NITR.111801 T-08 / GUANTE PIEL FLOR BEIGE NEGRO T/9 / ***MANT	17/10/2018									
F/2018/2027	32317439H VAZZQUEZ GUILLEN ARGIMIRO	BO 40.970	Registrada	2018	920	22604		206,50	2018	2015	206,50
17/10/2018	Gastos derivados do recurso de casación 3659/2015.	06/09/2017							Base IVA:	15,00	
									% Descuento:	15,00	

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS

RELACION DE FACTURAS PENDENTES REC 01/2019

Nºm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Nºm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	Año Proyecto	- APLICACIÓN -		- DESCUENTOS -		Importe Fac. Euros
					RC.A.D	Importes Euros	I.V.A. Deductible	Conceptos Descuento Euros	
F/2018/2030 18/10/2018	A82018474 TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo de telefonía fija, 981826304	TA5ZG0009799 18/10/2018	Registrada	2018 2018 / 3 / GES / 1 / 1		20,32			20,32
F/2018/2031 19/10/2018	A82018474 TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo de telefonía fija, 981826227	TA5ZG0009789 19/10/2018	Registrada	2018 430	22200		38,19		38,19
F/2018/2032 19/10/2018	A82018474 TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo de telefonía fija, 981826629	TA5ZG0009793 19/10/2018	Registrada	2018 350	22200		68,40		68,40
F/2018/2033 19/10/2018	A82018474 TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo de telefonía fija, 981826020	TA5ZG0009792 19/10/2018	Registrada	2018 430	22200		17,92		17,92
F/2018/2034 19/10/2018	A82018474 TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo de telefonía fija, 981826020	TA5ZG0009786 19/10/2018	Registrada	2018 330	22200		221,30		221,30
F/2018/2035 19/10/2018	A82018474 TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo de telefonía fija, 981826555	TA5ZG0009791 19/10/2018	Registrada	2018 920	22200		68,40		68,40
F/2018/2036 19/10/2018	A82018474 TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo de telefonía fija, 981762426	TA5ZG0009798 19/10/2018	Registrada	2018 231	22200		17,71		17,71
F/2018/2037 19/10/2018	A82018474 TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo de telefonía fija, 981762411	TA5ZG0009795 19/10/2018	Registrada	2018 231	22200		100,30		100,30
F/2018/2038 19/10/2018	A82018474 TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo de telefonía fija, 981826919	TA5ZG0009790 19/10/2018	Registrada	2018 231	22200		46,29		46,29
F/2018/2039 19/10/2018	A82018474 TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo de telefonía fija, 981762465	TA5ZG0009794 19/10/2018	Registrada	2018 231	22200		104,92		104,92

**Concello de
Muros**

Número Relación : F/2018/95

Hoja 4



RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS
RELACIÓN DE FACTURAS PENDENTES REC 01/2019

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fac.Doc.	Situación Grupo Factura	- APPLICACIÓN -			- DESCUENTOS -			
				Año Proyecto	Org. Econ.	R.C.A.D	Importes Euros	I.V.A. Deductible	Conceptos Descuento Euros	Importe Fac. Euros
F/2018/2040 19/10/2018	A82018474 TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A. Consumo de telefonía fija, 9818277425	TA5ZG0009798	Registrada	2018	330	22200	67,85			67,85
F/2018/2041 19/10/2018	A82018474 TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A. Consumo de telefonía fija, 981762152	TA5ZG0009785	Registrada	2018	340	22200	24,03			24,03
F/2018/2042 19/10/2018	A82018474 TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A. Consumo de telefonía fija, 981867803	TA5ZG0009800	Registrada	2018	920	22200	17,68			17,68
F/2018/2043 19/10/2018	A82018474 TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A. Consumo de telefonía fija, 981762257	TA5ZG0009797	Registrada	2018	920	22200	18,44			18,44
F/2018/2044 19/10/2018	A82018474 TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A. Consumo de telefonía fija, 981826050	TA5ZG0009788	Registrada	2018	920	22200	519,18			519,18
F/2018/2048 24/10/2018	B15467962 COGAMI REC. XESTION INTEGRAL PTO. LIMPO De 01/09/2018 a 30/09/2018	103 01800602	Registrada	2018	1622	22713	2.453,00			2.453,00
F/2018/2051 24/10/2018	G28029643 SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES 0003388573 CASA DA CULTURA DE MURCOS MIRAFLORES S/N S/N MURCOS (SAN PEDRO) 15250 REPRESENTACION 17/05/2018 19/05/2018 LI	1180623248	Registrada	2018	330	22610	114,94			114,94
F/2018/2053 25/10/2018	A63222533 UNION FENOSA DISTRIBUCION, S.A. Derechos de Extensión	P318000002771	Registrada	2018	920	22100	539,88			539,88

**Concello de
Muros**

Número Relación : F/2018/95

Hoja 5

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS
RELACION DE FACTURAS PENDENTES REC 01/2019

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APLICACIÓN -			- DESCUENTOS -			
				Año	Org. Prog. Econ.	R.C.A.D	Importes Euros	Deducible Euros	Conceptos Descuento Euros	Importe Fac. Euros
F/2018/2066 29/10/2018	B36650992 ASCENSORES ENOR S.L. Servicio mantenimiento equipo C/Alameda (Casa do Concello) durante el mes de Julio 2017.	AE 1908 31/07/2017	Registrada	2018	231	21200	RC-22018000020	65,34		65,34
F/2018/2071 30/10/2018	B70239835 RDSENDE IMAXON, S.L.U. Montaxe de gala, atasallos técnicos e trofeos para os premiados, locución e personal (Premiación final Trail Galaitca día	Emit. 327 30/10/2018	Registrada	2018	340	22799		1.450,00		1.450,00
F/2018/2086 01/11/2018	A78923125 TELEFONICA, MOVILES ESPAÑA, S.A. Movistar - Tipo de contrato: Contrato Empresas Básico - Nº de líneas: 1 - Líneas Facturadas: 676990560 - Periodo de Traf	28-KBMM-314243 01/11/2018	Registrada	2018	231	22200		16,94		16,94
F/2018/2087 01/11/2018	A78923125 TELEFONICA, MOVILES ESPAÑA, S.A. Movistar - Tipo de contrato: Contrato Negocios - Nº de líneas: 1 - Líneas Facturadas: 628240113 - Periodo de Trafico: (1	28-K8MO-243268 01/11/2018	Registrada	2018	160	22200		25,41		25,41
F/2018/2088 01/11/2018	A78923125 TELEFONICA, MOVILES ESPAÑA, S.A. Movistar - Tipo de contrato: Contrato M2M gprs Pymes - Nº de líneas: 4 - Líneas facturadas: 628253109 - 649306448 - Period	28-K8MO-100660 01/11/2018	Registrada	2018	160	22200		47,32		47,32



Concello de
Muros

Número Relación : F/2018/95

Hoja
6

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS

RELACIÓN DE FACTURAS PENJENIES REC 01/2015

Núm. Entrada	Apellidos y Nombre o Razón Social	Núm.Doc.	Situación	-APLICACIÓN-				I.V.A.	- DESCUENTOS -	
				Año	Org.	Prog.	Econ.			
Fec.	Registro	Doc.	Grupo Factura	RC,A,D	Importes	Deductible	Conceptos	Descuento	Importe Fec.	
F/2018/2089	A78923125 TELEFÓNICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	28-K8UJ1-040537	Registrada	2018	132	22200		12,83		44,72
01/11/2018	Movistar - Tipo de contrato: MFE con Corporativo - Extensiones móviles: 14 - Líneas Facturadas: 609111834 618749702 - Pe			2018	330	22200		6,93		
F/2018/2091	870205034 AMBITEGA PLAGAS, S.L.	F 180115	Registrada	2018	340	22699		1,92		
02/11/2018	APLICACIÓN DE PROTOCOLO PARA PREVENCIÓN DE LEGIONELLA (PABELLÓN MUNICIPAL DE ESTEIRO)			2018	340	22699		23,04		
F/2018/2094	B70205034 AMBITEGA PLAGAS, S.L.	F- 180116	Registrada	2018	340	22699		435,60		435,60
02/11/2018	APLICACIÓN DE PROTOCOLO PARA PREVENCIÓN DE LEGIONELLA (CAMPO DE FUTBOL DE ESTEIRO)			2018	340	22699		435,60		435,60
F/2018/2096	B70205034 AMBITEGA PLAGAS, S.L.	F 180117	Registrada	2018	340	22699		544,50		544,50
02/11/2018	APLICACIÓN DE PROTOCOLO PARA PREVENCIÓN DE LEGIONELLA (CAMPO DE FUTBOL DE LOURO)			2018	340	22699		544,50		544,50
F/2018/2097	B70205034 AMBITEGA PLAGAS, S.L.	F 180118	Registrada	2018	340	22699		435,60		435,60
02/11/2018	APLICACIÓN DE PROTOCOLO PARA PREVENCIÓN DE LEGIONELLA (CAMPO DE FUTBOL DE MIRAFLORES)			2018	340	22699		435,60		435,60



Concello de
Muros

Número Relación : F/2018/95

Hoja
7

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS

**Concello de
Muros**

Número Relación : F/2018/95

Hoja 8

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS
RELACION DE FACTURAS PENDENTES REC 01/2019

